ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DE LA TASA POR EL OTORGAMIENTO DE LICENCIAS O AUTORIZACIONES PARA INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES.

ORDENANZA FISCAL № 12 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS PARA INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES.

ARTÍCULO 1. FUNDAMENTO Y NATURALEZA.

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución y por el art. 106 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y de conformidad con lo establecido en los artículos 15 a 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el Ayuntamiento de A Coruña establece la Tasa por el otorgamiento de licencias o autorizaciones para industrias callejeras y ambulantes, a que se refiere el artículo 20.3.n del propio Real Decreto Legislativo, cuyas normas atienden a lo prevenido en el art. 57 del citado Real Decreto Legislativo.

ARTÍCULO 2. HECHO IMPONIBLE Y OBLIGACIÓN DE CONTRIBUIR.

- Está constituido por la actividad administrativa desarrollada para el otorgamiento de licencias o autorizaciones para la realización de actividades de industrias callejeras y venta ambulante.
- 2. La obligación de contribuir nacerá cuando se inicie la actividad administrativa dirigida a otorgar la autorización necesaria para la ocupación de bienes integrados en el dominio público municipal, cuando media previa solicitud. Si esta solicitud no hubiera sido presentada, la obligación de contribuir nacerá y se devengará la tasa, cuando se inicie el aprovechamiento.

ARTÍCULO 3. OBLIGADO TRIBUTARIO.

- Es obligado tributario contribuyente, la persona física o jurídica o las entidades a que se refiere el art. 35.4 de la L.G.T. que solicite la licencia o autorización para ejercer la actividad.
- Serán responsables solidarios de la deuda tributaria las personas o entidades a que se refiere el artículo 42 de la Ley General Tributaria.
- Serán responsables subsidiarios los administradores de las sociedades y los síndicos, interventores o liquidadores de las sociedades y entidades en general en los supuestos y con el alcance que señala el art. 43 de la L.G.T.

ARTÍCULO 4. BENEFICIOS FISCALES.

No podrán concederse otros beneficios fiscales que los expresamente previstos en disposiciones con rango de ley.

ARTÍCULO 5. BASE DE GRAVAMEN.

Se sigue el sistema de cuota fija, atendiendo a la naturaleza de la actividad y al tiempo de duración de la licencia o autorización.

ARTÍCULO 6. TARIFAS.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa polo outorgamento de licenzas ou autorizacións para industrias da rúa e ambulantes, a que se refire o artigo 20.3.n do propio real decreto lexislativo, cuxas normas atenden ao prevido no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

- Está constituído pola actividade administrativa desenvolvida para o outorgamento de licenzas ou autorizacións para a realización de actividades de industrias da rúa e venda ambulante.
- 2. A obriga de contribuír nacerá cando se inicie a actividade administrativa dirixida a outorgar a autorización necesaria para a ocupación de bens integrados no dominio público municipal, cando media a solicitude previa. Se esta autorización non fora presentada, a obriga de contribuír nacerá e xerarase a taxa, cando se inicie o aproveitamento.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

- Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades a que se refire o art. 35.4 da L.X.T. que soliciten a licenza ou autorización para exercer a actividade.
- Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da L.X.T.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

Non poderán concederse outros beneficios fiscais máis cós expresamente previstos en disposicións con rango de lei.

ARTIGO 5. BASE DE GRAVAME.

Séguese o sistema de cota fixa, atendendo á natureza da actividade e ao tempo de duración da licenza ou autorización.

ARTIGO 6. TARIFAS.



ORDENANZA FISCAL № 12 REGULADORA DE LA TASA POR EL OTORGAMIENTO DE LICENCIAS O AUTORIZACIONES PARA INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES.

ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS PARA INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES.

WBULANTES.			
trimestral.	EUROS	 A. Licenzas ou autorizacións de duración trimestral. 	EUROS
1 Venta de artículos de temporada:		1 Venda de artigos de temporada:	
1.1 Helados	58,48	1.1 Xeados	58,48
1.2 Castañas y otros	41,80	1.2 Castañas e outros	41,80
2 Venta de otros artículos comestibles no incluidos en el epígrafe anterior, tales como: Almendras, barquillos, buñuelos, cacahuetes, caramelos, churros, empanadillas, frutas, maíz, patatas fritas, etc.	41,80	2 Venda doutros artigos comestibles non incluídos no epígrafe anterior, tales como: améndoas, barquillos, bolos de vento, cacahuetes, caramelos, churros, empanadillas, froitas, millo, patacas fritas, etc.	41,80
3 Venta de artículos no comestibles:		3 Venda de artigos non comestibles:	
3.1 Venta de flores, globos y periódicos	35,20	3.1 Venda de flores, globos e xornais	35,20
4 Servicios de:		4 Servizos de:	
4.1 Fotógrafos	35,20	4.1 Fotógrafos	35,20
4.2 Afiladores, limpiadores de calzado, Organilleros	17,78	4.2 Afiadores, limpadores de calzado, organilleiros	17,78
y otros que se autoricen	, -	e outros que se autoricen	, -
5 Venta de diversos artículos como alfombras, baratijas, bisutería, bolígrafos, calzado, cerámica, metales preciosos, juguetes, láminas y litografías, loza, perfumería, plumas estilográficas, textiles, quincalla, relojes, pañuelos y otros artículos no especificados	58,48	5 Venda de diversos artigos como alfombras, bagatelas, bixutería, bolígrafos, calzado, cerámica, metais preciosos, xoguetes, láminas e litografías, louza, perfumería, plumas estilográficas, téxtiles, quincalla, reloxos, panos e outros artigos non especificados	58,48
6 Venta temporal de artículos de artesanía en mercados permanentes de carácter periódico mensual	9,75	6 Venta temporal de artigos de artesanía en mercados permanentes de carácter periódico mensual	9,75
7 Venta temporal de artículos de artesanía Se entienden como tales los fabricados por los propios vendedores y cuyo despacho en establecimientos fijos no sea usual	84,90	7 Venda temporal de artigos de artesanía. Enténdense como tales os fabricados polos propios vendedores e cuxo despacho en establecementos fixos non sexa usual	84,90
B. Simultaneo de actividades.		B. Simultaneidade de actividades.	
8 En caso de simultáneo de actividades comprendidas en dos o más epígrafes de esta tarifa, se aplicará la cuota correspondiente a la actividad que tiene señalada la más alta recargada en un 50%.		8 En caso de simultaneidade de actividades comprendidas en dous ou máis epígrafes desta tarifa, aplicarase a cota correspondente á actividade que ten sinalada a máis alta recargada nun 50%.	
C. Autorización para reparto de publicidad en vía pública, por persona de reparto y día o fracción	19,74	C. Autorización para reparto de publicidade en vía pública, por persoa de reparto e día ou fracción	19,74
 D. Autorización para actividad de distribución gratuita de publicaciones periódicas en vía pública, por cada punto de reparto autorizado en la licencia por año o fracción 	372,95	 D. Autorización para actividade de distribución gratuíta de publicacións periódicas na vía pública, por cada punto de reparto autorizado na licenza por ano ou fracción 	372,95
E. Licencias o autorizaciones de duración inferior al tri Venta de artículos por día o fracción	imestre 9,00	E. Licenza ou autorizacions de duración inferior ao 1 Venda de artigos por día ou fracción	trimestre 9,00

ARTÍCULO 7. NORMAS COMPLEMENTARIAS.

ARTIGO 7. NORMAS COMPLEMENTARIAS.



ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DE LA TASA POR EL OTORGAMIENTO DE LICENCIAS O AUTORIZACIONES PARA INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES.

ORDENANZA FISCAL № 12 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS PARA INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES.

- 1. El otorgamiento de las licencias o autorizaciones a que se refiere esta Ordenanza se sujetará a las zonas fijadas en la Ordenanza de Servicios y Policía, limitándose a los artículos citados en las tarifas y en el presente artículo.
- 2. Las licencias o autorizaciones se concederán discrecionalmente por la Junta de Gobierno Local, de acuerdo con las normas contenidas en las disposiciones de carácter general, previa petición de los interesados y emisión de los informes que se estimen oportunos. Los solicitantes habrán de justificar el alta en el registro de obligados de la AEAT o pago del Impuesto sobre Actividades Económicas que les faculte para el ejercicio de su actividad en el término municipal de A Coruña. El pago de cada cuota del Impuesto sobre Actividades Económicas faculta exclusivamente para ejercer la actividad en un solo puesto.
- Las licencias o autorizaciones concedidas tienen carácter personal y no son susceptibles de transmisión a terceros. La utilización de la licencia o autorización por personas distintas del titular dará lugar a su revocación.
- 4. Terminado el plazo de vigencia del permiso otorgado, los interesados que deseen continuar el ejercicio de la actividad deberán obtener una nueva licencia o autorización.

ARTÍCULO 8. NORMAS DE GESTIÓN.

- Las cuotas que resulten de la aplicación de las tarifas serán irreducibles, aunque el titular de la licencia o autorización no ejerza la actividad durante la totalidad del período trimestral o mensual que comprende la autorización concedida.
- 2. El otorgamiento de las licencias o autorizaciones se ajustará a las disposiciones contenidas en las Ordenanzas de Policía vigentes en este Municipio.
- 3. Se exigirá el depósito previo de la tasa regulada en esta Ordenanza debiendo autoliquidar su importe y proceder a su ingreso, sin cuyo requisito no se tramitará el otorgamiento de las licencias o autorizaciones. El depósito a constituir se referirá al trimestre o mes anticipado para el que se solicita autorización. Una vez concedida la licencia, se aplicará a la liquidación que resulte el importe del depósito y sí, por causas no imputables al interesado, dejara de prestarse el servicio, se devolverá la cantidad entregada salvo en el caso de que hubiera ejercido la actividad.
- Las tasas aquí reguladas son compatibles con los derechos que proceda exigir como consecuencia de la ocupación de la vía pública con puestos, casetas, kioscos, y otras instalaciones.

ARTÍCULO 9. INFRACCIONES Y SANCIONES TRIBUTARIAS.

En todo lo relativo a la calificación y sanción de las infracciones que puedan cometerse, se estará a lo dispuesto en los artículos 178 y ss. de la Ley General Tributaria y en la Ordenanza General de

- O outorgamento das licenzas ou autorizacións a que se refire esta ordenanza suxeitarase ás zonas fixadas na Ordenanza de servizos e policía, e limitarase aos artigos citados nas tarifas e no presente artigo.
- 2. As licenzas ou autorizacións serán concedidas discrecionalmente pola Xunta de Goberno Local, de acordo coas normas contidas nas disposicións de carácter xeral, logo da petición previa dos interesados e da emisión dos informes que se estimen oportunos. Os solicitantes terán que xustificar a alta no rexistro de obrigados da AEAT o pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas que os faculte para o exercicio da súa actividade no termo municipal da Coruña. O pagamento de cada cota do Imposto sobre Actividades Económicas faculta exclusivamente para exercer a actividade nun só posto.
- As licenzas ou autorizacións concedidas teñen carácter persoal e non son susceptibles de transmisión a terceiros. A utilización da licenza ou autorización por persoas distintas do titular dará lugar á súa revogación.
- Rematado o prazo de vixencia do permiso outorgado, os interesados que desexen continuar o exercicio da actividade deberán obter unha nova licenza ou autorización.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

- As cotas que resulten da aplicación das tarifas non serán reducibles, aínda que o titular da licenza ou autorización non exerza a actividade durante a totalidade do período trimestral ou mensual que comprende a autorización concedida.
- O outorgamento das licenzas ou autorizacións axustarase ás disposicións contidas nas ordenanzas de policía vixentes neste municipio.
- 3. Esixirase o depósito previo da taxa regulada nesta ordenanza e deberá liquidar o seu importe e proceder ao seu ingreso, sen cuxo requisito non se tramitará o outorgamento das licenzas ou autorizacións. O depósito que hai que constituír referirase ao trimestre o mes anticipado para o que se solicita autorización. Unha vez concedida a licenza, aplicarase á liquidación que resulte o importe do depósito e se, por causas non imputables ao interesado, deixase de prestarse o servizo, devolverase a cantidade entregada salvo no caso de que exercese a actividade.
- As taxas aquí reguladas son compatibles cos dereitos que proceda esixir como consecuencia da ocupación da vía pública con postos, casetas, quioscos e outras instalacións.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación e sanción das infraccións que poidan cometerse, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.



ORDENANZA FISCAL № 12 REGULADORA DE LA TASA POR EL OTORGAMIENTO DE LICENCIAS O AUTORIZACIONES PARA INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES.

ORDENANZA FISCAL № 12 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS PARA INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES.

Gestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

La presente Ordenanza consta de nueve artículos y ha sido aprobada por el Pleno en sesión celebrada el 29 de diciembre de 2015, entrará en vigor el 1 de enero de 2016, aplicándose en tanto no se acuerde su modificación o derogación.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza consta de nove artigos e foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 29 de decembro do 2015, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2016 e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación.

